



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

**CIFP DEL SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

**Plan de igualdade**

**CIFP Porta da Auga**

**Data de elaboración: Curso 2019-2020**



## ÍNDICE

---

1. CONTEXTO NORMATIVO .....	4
2. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS .....	7
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO .....	9
4. OBXECTIVOS.....	22
5. ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES.....	23
6. CRONOGRAMA DAS ACTUACIÓNS.....	35
7. COORDINACIÓN E PARTICIPANTES .....	40
8. PORPOSTAS DE VISIBILIZACIÓN E DIFUSIÓN .....	42
9. MEDIDAS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, REVISIÓN E MELLORA DO PLAN .....	44
10. CONCLUSIÓNS .....	45

## Composición da Comisión de Igualdade

Composición	Nome e apelidos	Posto/Cargo
Presidente	Isidro Berdeal Díaz	Director
Coordinador da Comisión de Igualdade	Sara González De La Barrera	Profesora de SSC
Representante do Departamento de Información e Orientación Profesional	Marta Fojo Peña	Orientadora
Representante do alumnado	Lucía Díaz Cagide Melina Santamaría Parada	Alumnas do C.S. de Educación Infantil
Representante do Departamento de Formación e Orientación Laboral	Marisol Folgueira Chao	Profesora de FOL
Profesorado participante	Adrián López López Adriana Agra Varela	Profesor de SSC Profesora de SSC

**Data de constitución: 13/11/2019**



## 1. CONTEXTO NORMATIVO

---

A través do presente documento, que a continuación presentamos, preténdese establecer os principios, obxectivos e as actuacións que compoñen o Plan de Igualdade que se implementará dende o CIFP Porta da Auga.

Para contextualizar a liña metodolóxica de traballo que se pretende levar a cabo dende o noso centro educativo, para acadar os obxectivos que se establecen no presente Plan de Igualdade, considérase necesario partir do coñecemento e a análise do marco normativo legal en materia de igualdade. Para isto, imos a facer referencia, por unha banda, á lexislación que xustifica a necesidade de actuar (de forma preventiva ou palitaiva) ante situacións que poidan implicar casos de discriminación ou desigualdade, defendendo os dereitos de todas as persoas; e por outra banda, á aquela lexislación que xustifica a necesidade de que os Centros Integrados de Formación Profesional contén cun documento encamiñado a tal fin.

A igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

Se revisamos o Título I, Capítulo II; "Dereitos e Liberdades" da Constitución Española, no seu artigo 14, podemos ler: "Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, sexo, raza, relixión ou calquera outra opinión ou circunstancia persoal ou social".

No artigo 35 recóllese que; "Todos os españois teñen o deber e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso, poida facerse discriminación en razón de sexo".

Por outra banda, a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, no seu artigo 2 recolle a necesidade de "establecer as medidas de protección integral cuxa finalidade é a de previr, sancionar e erradicar esta violencia (...)".

O Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido



das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, como se recolle no seu Título I, aboga pola integración da transversalidade do principio de igualdade nas actuacións da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Neste senso, cómpre facer especial mención de cara a orientación do traballo que no ámbito educativo nos ocupa, aos aspectos recollidos no Capítulo IV, sobre a educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes.

Unha vez feito un achegamento ata os referentes normativos máis relevantes en materia de igualdade, tanto a nivel estatal como autonómico, que xustifican a necesidade e a lexitimidade da adopción de actuacións e medidas educativas que loiten contra a desigualdade entre homes e mulleres e contra a violencia ou a discriminación por razón de xénero, imos a aportar as referencias que xustifican a necesidade da elaboración dun Plan de Igualdade no CIFP Porta da Auga para acadar os obxectivos que nos propoñemos.

Se atendemos á lexislación educativa, que vincula as políticas públicas en materia de igualdade dirixidas aos centros educativos, inspírase no marco legal antedito. A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. O artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”. Os decretos polos que se establecen os diferentes currículos, desenvolven estes principios.

Se nos centramos de xeito específico na Formación Profesional, debemos facer referencia ao Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no que se determina, no seu artigo 3.2 que a formación profesional fomentará a igualdade entre mulleres e homes para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio. E no Decreto Legislativo 2/2015 (anteriormente



nomeado) faise referencia no seu artigo 19 a integración da igualdade na formación profesional.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión de conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional recolle no seu artigo 43.3, apartado m), que no proxecto funcional de centro integrado incluírase calquera outro proxecto ou plan que o centro integrado pretenda desenvolver.

Para impulsar o modelo de escola coeducativa, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero.

Ata este punto, e tomando como referencia o exposto ata o de agora, está máis que xustificada a necesidade de introducir a loita pola igualdade de oportunidades nos centros educativos de forma artellada, a través dun Plan de Igualdade no que se recollan as diferentes medidas e actuacións que se van a implementar para tratar de sensibilizar e concienciar á comunidade educativa arredor da importancia que posúe acadar os obxectivos da escola coeducativa para a sociedade do presente e do futuro, erradicando toda conduta e/ou pensamento que contraveña a liberdade das persoas de exercer os seus dereitos en igualdade de oportunidades.



## 2. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS

En pleno século XXI, onde vivimos unha era revolucionaria en ámbitos como o tecnolóxico, o científico, a formación, as profesións, o transporte ou nos medios de comunicación, inda temos unha asignatura pendente de maneira transversal en materia de igualdade.

As diferenzas existentes entre homes e mulleres na actualidade supoñen unha gran brecha onde, aspectos tan importantes como a paridade real entre sexos nas distintas dimensións da vida das persoas, nos separan dunha sociedade xusta e con equidade de oportunidades.

Co fin de conseguir eliminar esa disparidade, elaborouse no ano 2016 o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 definindo cal debe ser a estratexia a seguir nesta materia.

Os principios orientadores de dito Plan parten dunha extratexia marco para a igualdade de xénero dirixida ao conxunto da sociedade, onde se integran políticas e actuacións que promovan a paridade real e efectiva trascendendo o ámbito da igualdade formal, procurando a efectividade na loita contra as diferenzas en ámbitos no que esta diverxencia é máis acusada empoderando a muller para dar valor as persoas por igual xa que como ben dicía Mary Shelley, “Non desexo que as mulleres teñan máis poder cos homes, senón que teñan máis poder sobre sí mesmas”.

O afianzamento da transversalidade de xénero debe conlevar non só a presenza de mulleres nos diferentes eidos, senón que se debe apostar por unha presenza equitativa en número e responsabilidades tanto a nivel persoal como profesional, onde os diferentes sexos exerzan en igualdade de condicións as súas competencias, para o que tamén é fundamental a cooperación e coordinación institucional, favorecendo as relacións coas diferentes administracións e proporcionando os medios necesarios para poder levalo a cabo, polo que a implicación cos axentes económicos e sociais é fundamental para a participación de toda a sociedade onde a cidadanía, os recursos, as institucións, asociacións ou entidades deben responsabilizarse sendo protagonistas activos do cambio.

Unha educación centrada na liberdade, no respecto e na igualdade será a que poida sentar as bases dunha sociedade máis equitativa, polo que desde a Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración educativa, na liña do VII Plan extratéxico publícase o I Plan de Igualdade no ámbito educativo.



Educar conleva que as persoas reciban unha formación integral, coeducar, é un estilo educativo cun compromiso de formación integral sen sesgos de xénero onde a transmisión de información, coñecementos ou valores non esteñan marcados polo sexo senon polo valor das persoas e onde sensibilizar, previr ou intervir nas diferenzas marcará a futura visión dos propios individuos creando identidades propias, favorecendo a corresponsabilidade, respectando as diversidades, fomentando as relacións respectuosas e saudables e abordando a violencia de xénero desde a base.

Nós, como axentes concienciados desde o ámbito educativo e como persoas con pensamento crítico e involucradas na sociedade, pretendemos coa elaboración deste I Plan de Igualdade do CIFP Porta da Auga para o curso 2019/2020, propiciar unha transformación que aspira a conseguir unha igualdade real entre sexos cuestionando esa asignación que ven predeterminada de valores, gustos actitudes e aptitudes ás persoas só por razón de xénero de maneira que poidamos romper coas diferenzas e achegar similitudes, non só visibilizando a figura da muller ou propiciando a súa participación, senón, traballando desde a base que é a educación, favorecendo na contorna unha visión equivalente das persoas sen importar o sexo que as defina e unha equidad de oportunidades para desenvolverse e poder chegar, tanto mulleres como homes, a crear unha identidade propia e un proxecto persoal e profesional libre de condicionamentos e así, construír nunha sociedade baseada na igualdade real.



## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

### 3.1. Análise xeral da situación de partida

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 da Secretaría Xeral da igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia) recolle na súa contextualización que:

*“para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria.”*

Así mesmo, recolle noutro parágrafo

*“Na dimensión da educación como formación profesional débese ter en conta tamén que a transmisión dende a educación duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas cualidades e expectativas como “propias” de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso revertir.”*

O CIFP Porta da Auga de Ribadeo é un Centro Integrado de Formación Profesional está ubicado en Ribadeo, municipio con preto de 10.000 habitantes, situado no extremo nororiental de Galicia, na provincia de Lugo, no límite co Principado de Asturias. Pertence á bisbarra da Mariña Oriental, da cal é a capital. A súa situación xeográfica fai que boa parte do alumnado sexa do occidente de Asturias. Isto, xunto cá oferta educativa que conta con ciclos das familias profesionais de Administración e xestión, Edificación e obra civil, Electricidade electrónica, Servizos a comunidade e Transporte e mantemento de vehículos, fai que, tanto no alumnado como no profesorado o sesgo de xénero teña bastante diferenciado.

Tal como recolle o Plan, isto é reflexo do que acontece na sociedade, por exemplo, no ámbito das familias profesionais máis técnicas, como as de Edificación e obra civil, Electricidade electrónica e Transporte e mantemento de vehículos, están “masculinizadas”, mentres que a familia profesional de Administración e xestión, e

sobre todo a de Servizos a comunidade, están “feminizadas”, de xeito que, as primeiras tradicionalmente foron considerados “cousas de homes” e estas últimas “cousas de mulleres” e isto débese en gran parte a que as mulleres foron educadas dende pequenas para orientar a súa carreira profesional a estes campos.

A reparación e mantemento de vehículos, os traballos relacionados coa edificación e rehabilitación de edificios ou de profesións vinculadas a electricidade foron tradicionalmente desempeñados por homes mentres que a educación e o coidado das crianzas, o coidado das persoas maiores e das persoas dependentes, e o labor invisible do coidado no ámbito doméstico, foron desempeñados maioritariamente por mulleres.

Isto apreciase claramente nos datos sobre feminización tanto do profesorado como do alumando do centro. Destacando que no persoal non docente ocorre o mesmo.

En canto ao profesorado, tal como se pode comprobar nos cadros seguintes, os equipos docentes “masculinizados” os “feminizados” corresponden aos mesmos perfís profesionais, agás no caso do profesorado do Departamento de Administración e xestión no que o equipo está practicamente equilibrado.

#### Datos profesorado desagregado por xénero no curso 2019-2020

Familia profesional	Total	Mulleres	Homes	Grao Feminización
Administración e xestión	9	5	4	55.5%
Edificación e obra civil	2	0	2	0%
Electricidade electrónica	3	0	3	0%
Servizos a comunidade	11	7	4	63.6%
Transporte e mantemento de vehículos	13	1	12	7.7%
VARIAS familias	5	5	0	100%
DIOP	1	1	0	100%
TOTAL	44	19	25	

A dirección do centro, no presente curso académico, ten un alto grao de masculinización, sendo un dos poucos CIFP de Galicia onde todo o equipo directivo, Dirección, Vicedirección, Xefatura de estudos e Secretaría, está formado por homes.

En canto aos cargos non directivos (Xefaturas de departamentos didácticos, Xefaturas de departamentos non didácticos e Coordinacións de equipos) son desempeñados maioritariamente por mulleres aínda que hai bastante paridade.

#### Datos cargos non directivos desagregado por xénero no curso 2019-2020

Cargo	Mulleres	Homes	Grao Feminización
Xefatura Dep. Administración e xestión	1	-	100%
Xefatura Dep. Edificación e obra civil	-	1	0%
Xefatura Dep. Electricidade electrónica	-	1	0%
Xefatura Dep. Servizos a comunidade	1	-	100%
Xefatura Dep. Transporte e mantemento de vehículos	-	1	0%
Xefatura Dep. NON didácticos	4	2	66.6%
Coordinacións de equipos	4	2	66.6%
TOTAL	17		

Respecto ao persoal non docente, o grao de feminización tamén é moi alto, habendo unicamente dous varón no equipo de conserxería.

#### Datos persoal non docente desagregado por xénero no curso 2019-2020

Posto	Total	Mulleres	Homes	Grao Feminización
Administrativo	1	1	0	100%
Conserxes	2	0	2	0%
Persoal de limpeza	4	4	0	100%
TOTAL	7	5	2	

### Datos matrícula alumnado desagregado por xénero e familia profesional curso 2019-2020

Familia profesional	Total	Mulleres	Homes	Grao Feminización
Administración e xestión	133	94	39	70%
Edificación e obra civil	19	2	17	10%
Electricidade electrónica	25	2	23	8%
Servizos a comunidade	98	92	6	93.8%
Transporte e mantemento de vehículos	85	1	84	1.2%
TOTAL	360	191	169	

### Datos persoas delegadas do alumnado desagregado por xénero curso 2019-2020

Familia profesional	Total	Mulleres	Homes	Grao Feminización
Administración e xestión	5	4	1	80%
Edificación e obra civil	-	-	-	-
Electricidade electrónica	1	0	1	0%
Servizos a comunidade	5	5	0	100%
Transporte e mantemento de vehículos	6	1	5	16.6%
TOTAL	17	10	7	

## 3.2. Contextualización

Para unha correcta identificación das fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades do centro relacionadas coa igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, realizase unha análise máis exhaustiva da situación de partida de maneira específica para os diferentes membros da comunidade educativa. Pásanse unha serie de enquisas, coa finalidade de obter datos que nos aporten información arredor da opinión subxectiva do profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos do centro.

Unha vez analizadas ditas enquisas, desagregando por familias profesionais e por sexo chegamos as seguintes conclusións.



## Alumnado:

Na familia profesional de **Administración e xestión**, dunha mostra de 48 persoas observamos que 16 son alumnos e 32 son alumnas.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” un 81.20% respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Quen vai desempeñar mellor a súa futura labor profesional?” un 4.16% pensan que os homes, un 6.25% pensan que as mulleres e un 89.58% que non habería diferenzas no desempeño da labor profesional.

Ante a pregunta “¿Sabes o que son as relacións afectivo-sexuais saudables e respectuosas?” un 93.75% do total recoñece saber o que son mentres que un 6.25% non o sabe. Das respostas afirmativas un 39.59% recoñecen ter mantido algunha relación afectivo-sexual tóxica.

Ante a pregunta “¿Viviches ou presenciaches algunha situación de violencia de xénero?” un 56.25% das alumnas recoñece ter vivido ou presenciado algunha situación de violencia de xénero fronte a un 18.75% dos alumnos. Do mostreo anterior, do alumnado que si presenciou ditas situacións, un 5% destas producíronse no centro educativo.

Na familia profesional de **Edificación e obra civil**, nun mostreo de 8 enquisas, das cales 7 son de alumnos e 1 da única alumna do ciclo.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” un 75% respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Quen vai desempeñar mellor a súa futura labor profesional?” o 12.5% pensan que o farían mellor os homes, un 87,5% pensan que ambos por igual pero ninguén pensa que o farían mellor as mulleres.

Ante a pregunta “¿Sabes o que son as relacións afectivo-sexuais saudables e respectuosas?” O 100% do total recoñece saber o que son. Dese total un 37.5% recoñecen ter mantido algunha relación afectivo-sexual tóxica.

Ante a pregunta “¿Viviches ou presenciaches algunha situación de violencia de xénero?” ningún dos enquisados recoñece ter vivido ou presenciado algunha situación de violencia de xénero.

Na familia profesional de **Electricidade e electrónica**, dunha mostra de 17 persoas observamos que 15 son alumnos e 2 son alumnas.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” as dúas alumnas que realizaron a enquisa respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”, pola contra só un 46.16% dos alumnos da familia profesional respondeu correctamente.

Ante a pregunta “¿Quen vai desempeñar mellor a súa futura labor profesional?” un 23.53% do total pensan que os homes 76.47% pensan que ambos por igual pero ninguén pensa que o farían mellor as mulleres.

Ante a pregunta “¿Sabes o que son as relacións afectivo-sexuais saudables e respectuosas?” un 94.12% do total recoñece saber o que son mentres que un 5.88% non o sabe. Das respostas afirmativas o 50% das mulleres recoñecen ter mantido algunha relación afectivo-sexual tóxica e o mesmo pasaría co 33.3% dos homes.

Ante a pregunta “¿Viviches ou presenciaches algunha situación de violencia de xénero?” un 50% das alumnas recoñece ter vivido ou presenciado algunha situación de violencia de xénero fronte a un 20% dos alumnos.

Na familia profesional de **Transporte e mantemento de vehículos**, dunha mostra de 83 persoas observamos que 82 son alumnos e 1 da única alumna da especialidade.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” un 56.9% respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Quen vai desempeñar mellor a súa futura labor profesional?” un 20.48% pensan que serán os homes desempeñaran mellor esa función mentres que o 78.31% opinan que ambos por igual.

Ante a pregunta “¿Sabes o que son as relacións afectivo-sexuais saudables e respectuosas?” un 71.21% do total recoñece saber o que son mentres que un 28.78% non o sabe. Das respostas afirmativas un 12.06% recoñecen ter mantido algunha relación afectivo-sexual tóxica.

Ante a pregunta “¿Viviches ou presenciaches algunha situación de violencia de xénero?” un 30.35% dos alumnos recoñece ter vivido ou presenciado algunha situación de violencia de xénero. Do mostreo anterior, do alumnado que si presenciou ditas situacións, un 21% destas producíronse no centro educativo.

Na familia profesional de **Servizos a comunidade**, dunha mostra de 85 persoas observamos que 5 son alumnos e 80 son alumnas.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” un 91.25% das alumnas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos” mentres que dos alumnos só un 60% responde correctamente.

Ante a pregunta “¿Quen vai desempeñar mellor a súa futura labor profesional?” un 11.76% do total pensa que as mulleres mentres que o 88.24% pensan que ambos por igual pero ninguén pensa que o farían mellor os homes.

Ante a pregunta “¿Sabes o que son as relacións afectivo-sexuais saudables e respectuosas?” un 95% das alumnas recoñece saber o que son fronte a un 80% dos alumnos. Das respostas afirmativas un 40% das alumnas recoñecen ter mantido algunha relación afectivo-sexual tóxica fronte a un 20% dos alumnos.

Ante a pregunta “¿Viviches ou presenciaches algunha situación de violencia de xénero?” un 58.75% das alumnas recoñece ter vivido ou presenciado algunha situación de violencia de xénero mentres que os alumnos non presenciaron ningunha situación de violencia de xénero. Do mostreo anterior, do alumnado que si presenciou ditas situacións, un 10% destas producíronse no centro educativo.

### **Profesorado:**

Na familia profesional de **Administración e xestión**, dunha mostra de 7 persoas observamos que 2 son profesores e 5 son profesoras.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” un 71.42% das persoas enquisadas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Consideras que inclúes a perspectiva de xénero nos teus materiais didácticos ou na aula?” un 42.86% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 100% do profesorado responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 85.71% respondeu que non.

Na familia profesional de **Edificación e obra civil**, dunha mostra de 2 persoas observamos que os 2 son profesores.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” o 100% das persoas enquisadas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Consideras que inclúes a perspectiva de xénero nos teus materiais didácticos ou na aula?” un 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 100% do profesorado responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 50% respondeu que non.

Na familia profesional de **Electricidade e electrónica**, dunha mostra de 2 persoas observamos que os 2 son profesores.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” o 50% das persoas enquisadas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.





Ante a pregunta “¿Consideras que inclúes a perspectiva de xénero nos teus materiais didácticos ou na aula?” un 50% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 100% do profesorado responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 100% respondeu que non.

Na familia profesional de **Transporte e mantemento de vehículos**, dunha mostra de 10 persoas observamos que 9 son profesores e unicamente 1 é profesora.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” o 50% dos profesores respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos” e a única profesora respondeu correctamente.

Ante a pregunta “¿Consideras que inclúes a perspectiva de xénero nos teus materiais didácticos ou na aula?” un 90% dos profesores responde que non.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 20% dos profesores responde que non.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 20% responde que non.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 90% respondeu que non.

Na familia profesional de **Servizos a comunidade**, dunha mostra de 9 persoas observamos que 3 son profesores e 6 son profesoras.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” o 100% das persoas enquisadas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Consideras que inclúes a perspectiva de xénero nos teus materiais didácticos ou na aula?” un 77.8% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 100% do profesorado responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 88.8% respondeu que non.

Nas familias profesionais e/ou especialidades (**FOL, Lingua castelá e literatura, bioloxía e xeoloxía**) que imparten docencia en varias familias profesionais, dunha mostra de 5 persoas observamos as 5 son profesoras.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” o 100% das persoas enquisadas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Consideras que inclúes a perspectiva de xénero nos teus materiais didácticos ou na aula?” un 80% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 20% do profesorado responde que non.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 100% respondeu que si.

## Persoal de administración e servizos

Dunha mostra de 7 persoas observamos que 2 son homes e 5 son mulleres.

Ante a pregunta “Se tiveras que definir o feminismo dirías que é...?” o 71.42% das persoas enquisadas respondeu correctamente seleccionando a opción “Movemento social que busca a igualdade entre os sexos”.

Ante a pregunta “¿Consideras que o sexo do alumnado pode condicionar a súa escolla académico-profesional?” un 42.86% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar ao alumnado en relacións afectivo-sexuais saudables?” o 100% do profesorado responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que o centro educativo é un espazo apropiado para formar e visibilizar sobre a diversidade de xénero sexual e afectiva?” o 100% responde que si.

Ante a pregunta “¿Consideras que tes a formación/experiencia necesaria para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero?” o 100% respondeu que non.

En base a todas estas conclusións, partir da análise dos resultados das enquisas realizadas no centro identificamos como cuestións internas do centro as seguintes debilidades e fortalezas.

## Cuestións internas

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"><li>• Contar para o presente curso académico 2019-20 co I Plan de Igualdade adaptado as necesidades detectadas no noso centro.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A maioría do profesorado reconece non ter formación específica en contidos básicos relacionados en materia de igualdade e coeducación, agás a familia profesional de Servizos á comunidade.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Na maioría dos currículos da familia profesional de Servizos á comunidade inclúese explicitamente contidos de igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dificultades para poder levar a cabo tódalas actuacións do presente Plan de Igualdade dentro do horario lectivo do CIEFP.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Nos currículos da familia profesional de</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A Biblioteca actualmente NON ten unha</li></ul>

Formación e Orientación Laboral inclúese explicitamente contidos de igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero.	dotación de fondos sobre temas de Igualdade, feminismo e coeducación. Do mesmo xeito en fondos audiovisuais (DVDs e Cds musicais).
• O profesorado da familia profesional de Servizos á comunidade ten formación específica en contidos de igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero por formación académica e/ou experiencia profesional.	• Parte importante do alumnado NON amosa interese e sensibilización en temas de igualdade, feminismo e coeducación.
• Un grupo reducido de profesorado comprometido con promover a formación do alumnado e do profesorado en materia de igualdade.	• O profesorado reconece NON ter a formación/experiencia específica para a prevención/detección e intervención en situacións de violencia de xénero.
	• O profesorado reconece non empregar materiais didácticos que inclúan a perspectiva de xénero
	• Detéctanse resistencias dun grupo reducido de profesorado a contemplar a formación en materia sexual e afectiva desde o centro educativo.

Outros factores externos ao centro supoñen unha serie de oportunidades e ameazas que expoñemos a continuación.

### Cuestións externas

Oportunidades	Ameazas
• A sinatura do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.	• Discursos contrarios e resistencias a aplicación real das políticas de Igualdade dende algúns ámbitos da administración
